

Probas selectivas para cubrir unha praza da categoría profesional de mestre/a, especialidade educación infantil, grupo II, convocadas por resolución reitoral do 2 de decembro de 2021 (DOG do 20 de decembro).

Exercicio: 2º exercicio, cuestionario tipo test.

Duración: 125 minutos.

Non abra este caderno ata que llo indique o tribunal

(Galego)

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2022

- 1.- Os recunchos e os obradoiros...
 - a) Son dous tipos de organización espacial practicamente idénticos.
 - b) Permiten, no primeiro caso (recunchos), un xogo máis libre que no segundo (obradoiros).
 - c) Requiren, no caso dos obradoiros, polo menos dúas persoas adultas que os dirixan.
- 2.- O vínculo do apego...
 - a) Consolídase definitivamente aos 4 anos.
 - b) Desaparece aos 4 anos.
 - c) Transfórmase en dependencia emocional aos 4 anos.
- 3.- Ao conxunto de actividades e ás situacións vinculadas ao benestar da infancia e que se repiten diariamente, con frecuencia, chámaselles:
 - a) Rutinas diarias.
 - b) Repercusións espaciais.
 - c) Actividades de adaptación.
- 4.- Celestin Freinet basea o seu enfoque pedagóxico...
 - a) Na idea da educación como unha experiencia cooperativa.
 - b) Na creación dun ambiente rico en materiais e estimulante para a autoeducación.
 - c) Na experiencia da vida libre e da autoxestión.
- 5.- Os/as mestres/as que imparten ensinanzas en Educación Infantil forman parte necesariamente dos seguintes órganos:
 - a) Claustro e Equipo de ciclo.
 - b) Claustro, Equipo de ciclo e Comisión de Coordinación Pedagóxica.
 - c) Claustro, Equipo de ciclo e Consello Escolar.
- 6.- Sinala a opción correcta:
 - a) Rousseau, Pestalozzi e Froebel son dos autores máis influentes nas achegas educativas antes do S. XX.
 - b) Paulov, Watson e Skinner son representantes do innatismo.
 - c) As respostas a) e b) son correctas.
- 7.- Na elaboración de menús hai que ter en conta:
 - a) A achega de nutrientes.
 - b) A achega de nutrientes e a idade dos/as nenos/as.
 - c) A achega de nutrientes, a idade dos/as nenos/as e as posibles intolerancias alimentarias.
- 8.- Que autor introduciu o concepto de “Aprendizaxe significativo”?
 - a) Ausubel.
 - b) Brunner.
 - c) Vigotsky.

- 9.- Cando un/unha neno/a peitea unha boneca, como chamamos este tipo de xogo?
- a) Xogo manipulativo.
 - b) Xogo simbólico.
 - c) Xogo de regras.
- 10.- A acción que se repite de forma estable ao longo do tempo con carácter interno e persoal e está en relación coas necesidades biolóxicas dos/as nenos/as é:
- a) A rutina.
 - b) O ritmo.
 - c) A tarefa.
- 11.- Na clasificación do xogo infantil, que ten o seu fundamento no desenvolvemento psicológico do/a neno/a, aparece en primeiro termo o xogo...
- a) De imitación.
 - b) Simbólico.
 - c) De exercicio, funcional ou sensoriomotor.
- 12.- A linguaxe oral...
- a) Hai que estimulala a partir dos 2 anos.
 - b) Hai que estimulala a partir do primeiro ano.
 - c) Nunca é demasiado cedo para estimulala.
- 13.- Cal é o papel fundamental da persoa educadora na Educación Infantil?
- a) Transmisora de contidos.
 - b) Facilitadora de actividades e experiencias para os/as nenos/as.
 - c) As respostas a) e b) son incorrectas.
- 14.- Os dominós, puzzles, bloques lóxicos desenvolven especialmente:
- a) O conteo.
 - b) O pensamento lóxico.
 - c) A transferencia de aprendizaxes.
- 15.- As rutinas na etapa de 0-3 anos:
- a) Non teñen gran potencial educativo.
 - b) Permiten a sistematización da vida diaria.
 - c) As respostas a) e b) son incorrectas.
- 16.- Sinala a opción incorrecta:
- a) Jean Piaget é representante do desenvolvemento intelectual por etapas.
 - b) Jerome Bruner representa a aprendizaxe por descubrimento.
 - c) David Ausubel representa o desenvolvemento cognitivo mediante interacción social.
- 17.- A integración da educación para a saúde debe realizarse en:
- a) A programación de aula.
 - b) A totalidade do sistema educativo e nos seus distintos niveis.
 - c) A unidade didáctica relativa á saúde.

18.- Segundo Freud a fase na que o/a neno/a se interesa polo contacto e a manipulación dos seus xenitais é:

- a) Fase xenital.
- b) Fase anal.
- c) Fase oral.

19.- Segundo Vigotsky, a linguaxe egocéntrica...

- a) Transfórmase en pensamento.
- b) Non se transforma.
- c) Transfórmase en monólogos.

20.- A observación...

- a) É unha tendencia innata no/a neno/a que se desenvolve e perfecciona de maneira espontánea.
- b) É asistemática e subxectiva no período de 0-6 anos.
- c) É una actividade que debe ser sempre planificada e pautada pola persoa adulta.

21.- A participación das familias na vida da escola...

- a) Debe ser frecuente e espontánea.
- b) Debe estar contemplada no Proxecto Educativo do Centro (PEC).
- c) Debe ser sempre a través da Asociación de Nais e Pais do Alumnado (ANPA).

22.- Con respecto ao uso de Internet na Educación Infantil:

- a) Os/As nenos/as deben coñecer as posibilidades de información da Rede.
- b) O seu uso debe estar acompañado sempre polo adulto.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

23.- Sinala a opción correcta:

- a) O conto ten un valor educativo intrínseco.
- b) O conto é unha ferramenta imprescindible no seo familiar.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

24.- O momento do conto...

- a) É unha actividade de transición que serve como paso entre unha actividade e outra.
- b) É preciso preparalo coidadosamente xa que é unha actividade didáctica con sentido propio.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

25.- Con respecto á alimentación pódese afirmar que:

- a) A alimentación é un acto consciente, voluntario e educable.
- b) A alimentación é un acto involuntario, pero educable.
- c) As respostas a) e b) son incorrectas.

26.- As etapas na adquisición da linguaxe son...

- a) Balbucido e Etapa prelingüística.
- b) Etapa prelingüística e Etapa lingüística.
- c) Etapa lingüística.

- 27.- Cal dos seguintes autores é considerado o pai do condutismo?
- a) Watson.
 - b) Bruner.
 - c) Wallon.
- 28.- Se un/unha neno/a de 2 anos xogando constrúe e derriba reiteradamente unha construción é preciso actuar da seguinte maneira:
- a) Reforzalo/a positivamente ao entender que a acción forma parte da etapa evolutiva na que se atopa.
 - b) Explicarlle con calma que o material pode estragarse e retirarllo.
 - c) Reforzalo/a negativamente e retirarlle o material.
- 29.- Cal dos seguintes autores basea a práctica pedagóxica nos “centros de interese”?
- a) María Montessori.
 - b) Celestin Freinet.
 - c) Ovide Decroly.
- 30.- O apego caracterízase fundamentalmente por...
- a) A busca de contacto físico só con persoas adultas.
 - b) A relación exclusiva cunha soa persoa, evitando o contacto co resto da familia.
 - c) Ofrecer protección en momentos de ameaza.
- 31.- O grao de tensión ou distensión que necesitan os músculos para poder levar a cabo unha acción, ou adquirir unha postura determinada, chámase:
- a) Lateralidade.
 - b) Control postural.
 - c) Ton muscular.
- 32.- Cal dos seguintes autores achega o concepto de “zona de desenvolvemento próximo”?
- a) Ausubel.
 - b) Vigotsy.
 - c) Piaget.
- 33.- Das seguintes intervencións da persoa educadora nunha Escola Infantil, débese evitar:
- a) A excesiva protección e sobreestimulación.
 - b) O coidado individualizado.
 - c) Valorar que todo momento sirva para aprender.
- 34.- Que aspectos dos/as nenos/as ten en conta a intervención educativa en Educación Infantil?
- a) As características psicolóxicas.
 - b) A motivación e os intereses dos/as nenos/as.
 - c) As respostas a) e b) son correctas.
- 35.- A quen poñía no centro a Escola Nova?
- a) O alumnado.
 - b) O profesorado.
 - c) O sistema.

36.- Sinala a opción incorrecta. No primeiro ciclo, que actividades poden realizarse para favorecer a observación?

- a) Coidado dun animal.
- b) Saída ao exterior.
- c) Traballo por parellas.

37.- Son representantes do desenvolvemento cognitivo...

- a) Jean Piaget, Jerome Bruner e David Ausubel.
- b) Robert Gagné e Howard Gardner.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

38.- Se poñemos un xoguete no interior dunha caixa colocada boca abaixo e ante a atenta mirada dun bebé de 9 meses sacamos o xoguete e o escondemos noutra caixa, o bebé buscará o xoguete:

- a) Na primeira caixa.
- b) Na segunda caixa.
- c) En calquera das dúas indistintamente.

39.- O programa “alerta escolar”, creado conxuntamente pola Consellería de Educación e os servizos do 061, indica como actuar no caso de:

- a) Crises alérxicas, epilepsia e crises diabéticas.
- b) Choque anafiláctico, crises celíacas e intolerancia alimentaria.
- c) Asma, febre alta, intolerancia alimentaria.

40.- Na etapa de 0-3 anos as unidades que se utilizan para medición de lonxitude, superficie, etc. son:

- a) Naturais.
- b) Patróns.
- c) Convencionais.

41.- Cal é o xogo máis axeitado para estimular a observación e a experimentación con nenos/as de 18 meses, atendendo ao seu nivel evolutivo?

- a) Heurístico.
- b) Simbólico.
- c) De ficción.

42.- En que período cognitivo, descrito por Piaget, empeza o/a neno/a a distinguir un ritmo temporal dos acontecementos:

- a) Sensoriomotor.
- b) Operacións Concretas.
- c) Operacións Abstractas.

43.- En que fase do garabato o/a neno/a ten unha coordinación visomotora e practícaa sen unha intención específica:

- a) Na do garabateo desordenado.
- b) Na do garabateo con nome.
- c) Na do garabateo controlado.

- 44.- Sinala a opción incorrecta. Os materiais deben...
- a) Ser suficientes e variados.
 - b) Estar ben seleccionados para que respondan aos obxectivos.
 - c) Ser exclusivamente comerciais.
- 45.- Sinala as dificultades máis características dun/dunha neno/a con Trastorno de Espectro Autista (TEA):
- a) A comunicación e a manipulación.
 - b) A relación e o desenvolvemento motor.
 - c) A socialización, a relación e a comunicación.
- 46.- Entre as funcións do xogo dramático atópanse:
- a) A asimilación da realidade, ao revivila nas representacións.
 - b) A expresión de pensamentos e sentimentos.
 - c) As respostas a) e b) son correctas.
- 47.- Que elementos dos seguintes se consideran núcleo da programación?
- a) Obxectivos e contidos.
 - b) Metodoloxía, recursos e actividades.
 - c) As respostas a) e b) son correctas.
- 48.- As actividades musicais que o/a docente seleccione deben:
- a) Traballar as tres áreas do currículo da etapa e ser variadas e breves.
 - b) Ser variadas e breves e permitir a libre expresión do/a neno/a.
 - c) As respostas a) e b) son correctas.
- 49.- O período de adaptación dos/as nenos/as ao centro pasa polas seguintes fases:
- a) Protesta, ambivalencia e adaptación.
 - b) Protesta, adaptación e comprensión.
 - c) Protesta, latencia e adaptación.
- 50.- Sinala a opción correcta:
- a) O traballo coa mesa de luz está indicado para o segundo ciclo da Educación Infantil.
 - b) O ordenador debe introducirse como ferramenta de traballo individual desde o inicio da escolaridade.
 - c) As respostas a) e b) son incorrectas.
- 51.- A literatura infantil...
- a) Debe ser exclusivamente fonte de coñecemento.
 - b) Debe ser, en primeiro lugar, fonte de pracer.
 - c) As respostas a) e b) son correctas.
- 52.- A zona de gaseo e desprazamento dos/as nenos/as no primeiro ano de vida deberá ter características tales como:
- a) Diversos desniveis na aula.
 - b) Xogos de arrastre.
 - c) As respostas a) e b) son correctas.

53.- Sinala a opción correcta:

- a) A teoría da psicoloxía culturalista débese a Piaget.
- b) A teoría da aprendizaxe significativa débese a Vigotsky.
- c) A teoría da psicoloxía xenética débese a Piaget.

54.- Con respecto ao conto narrado:

- a) A acción no conto debe transcorrer de modo ininterrompido.
- b) A duración da narración debe axustarse ás características dos/as nenos/as.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

55.- Para a etapa Preoperacional son axeitados...

- a) Os xogos de clasificación e cestos de tesouros.
- b) Os cestos de tesouros.
- c) Os xogos de construción, clasificación e bloques lóxicos.

56.- Ante unha contusión na cabeza e sen sangue, que debe facer a persoa responsable?

- a) Deitar e deixar durmir o/a neno/a.
- b) Observar se o tamaño da pupila reacciona á luz e á escuridade.
- c) Lavar o lugar do golpe e facer a cura se o necesita.

57.- Á hora de seleccionar cancións para os/as nenos/as deben:

- a) Ser coñecidas e con vocabulario estritamente infantil.
- b) Ser de calidade, con vocabulario variado, con ritmo e preferentemente curtas.
- c) Estar vinculadas preferentemente co folclore popular.

58.- Sinala a opción incorrecta. O primeiro ciclo de Educación Infantil contribuirá a desenvolver nos/as nenos/as as capacidades que lle permita...

- a) Descubrir e construír, a través da inacción, o coñecemento do seu propio corpo e o dos outros, valorar as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social a través do xogo, e desenvolver actitudes de curiosidade e observación.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas actividades habituais de alimentación, hixiene e descanso, e adoptar hábitos de seguridade ante o risco na súa relación coa contorna.

59.- A seguridade afectiva é...

- a) O grao de certeza por parte do/a neno/a de que as súas necesidades son coñecidas, recoñecidas e atendidas de forma pracenteira.
- b) Sentir que as propias necesidades van terminar xerando insatisfacción.
- c) A ausencia dalgún sinal comunicativo polo que saberse escoitado.

60.- Denomínase xoguete didáctico...

- a) O que favorece o desenvolvemento de capacidades cognitivas e motrices.
- b) O que se emprega como instrumento de ensino.
- c) O que desenvolve a creatividade do alumnado.

- 61.- O primeiro logro do/a neno/a no coñecemento de si mesmo é:
- a) A identificación de si mesmo como ser físico independente.
 - b) A identificación de si mesmo como ser social.
 - c) A identificación de si mesmo como ser activo.
- 62.- Que xogo se considera máis adecuado para estimular a observación e a experimentación con nenos/as de 8 meses?
- a) Cesto do tesouro.
 - b) Heurístico.
 - c) Simbólico.
- 63.- Na educación musical...
- a) Comézase traballando co ritmo terciario.
 - b) Pásase dun movemento voluntario á sincronización de movementos involuntarios.
 - c) Potenciaranse os exercicios de ritmo percutivo cun/cunha neno/a con xordeira.
- 64.- Os aspectos máis importantes do desenvolvemento motor durante o 1º ano de vida son:
- a) O desenvolvemento do ton muscular, o desenvolvemento postural e a prensión.
 - b) O desenvolvemento do ton muscular e a prensión.
 - c) O desenvolvemento postural, o desenvolvemento neurolóxico e a prensión.
- 65.- A escola é un contexto de socialización no que:
- a) Os/As nenos/as aprenden hábitos sociais tales como comer, vestirse, etc.
 - b) Os/As nenos/as aprenden habilidades sociais.
 - c) As respostas a) e b) son correctas.
- 66.- En canto á música tradicional e popular...
- a) Non é aconsellable introducir pezas deste tipo en idades temperás.
 - b) Deben axudar o/a neno/a a conectar e coñecer a súa cultura.
 - c) As respostas a) e b) son correctas.
- 67.- Sinala a opción incorrecta. Con respecto ao conto narrado...
- a) O/A neno/a recorda o conto porque se proxecta nel.
 - b) O conto favorece o desenvolvemento social do/a neno/a que lle permite comprender roles e valores.
 - c) Os/As nenos/as prefiren un conto novo antes que a repetición dun xa coñecido.
- 68.- Cales das seguintes variables interveñen no proceso de adquisición da linguaxe?
- a) A maduración neurofisiolóxica.
 - b) O contexto sociocultural.
 - c) As respostas a) e b) son correctas.
- 69.- Sinala a opción correcta:
- a) A educación para a saúde inclúese na educación en valores.
 - b) A educación para a saúde de 0-6 anos é responsabilidade exclusiva de profesionais sanitarios dos servizos de atención primaria.
 - c) As respostas a) e b) son correctas.

- 70.- Para construír unha autoestima positiva nos/as nenos/as debemos:
- a) Valorar todos os éxitos do/a neno/a por pequenos que parezan.
 - b) Planificar actividades acordes coas súas capacidades e nivel de desenvolvemento.
 - c) As respostas a) e b) son correctas.
- 71.- En canto ao desenvolvemento da linguaxe, a repetición de pequenas cancións con sons parecidos e xesticulando simultaneamente é unha actividade que estimula o nivel...
- a) Fonolóxico.
 - b) Léxico-semántico.
 - c) Morfosintáctico.
- 72.- Sinala a opción correcta:
- a) O clima de aula xerado pola persoa adulta condiciona a convivencia e o respecto á diversidade.
 - b) O xogo cooperativo favorece as actitudes empáticas e de coidado mutuo.
 - c) As respostas a) e b) son correctas.
- 73.- A competencia de aprender a aprender...
- a) Trabállase desde o primeiro ciclo de educación infantil.
 - b) Empeza a traballarse no segundo ciclo de educación infantil.
 - c) As respostas a) e b) son incorrectas.
- 74.- Como debe ser a aprendizaxe na Educación Infantil?
- a) Formativa.
 - b) Significativa.
 - c) Comunicativa.
- 75.- Sinala a opción incorrecta. A programación, como axente de concreción do currículo, ten asignada varias funcións.
- a) Asegurar a coherencia entre as intencións educativas do centro e a práctica docente.
 - b) Promover a reflexión sobre a propia práctica docente.
 - c) Permitir a improvisación das actuacións que se levarán a cabo durante todo el proceso de ensino-aprendizaxe.
- 76.- En relación coa educación en igualdade entre sexos convén:
- a) Favorecer a expresión dos sentimentos independentemente do sexo.
 - b) Diferenciar os xoguetes considerados femininos e masculinos, pero acceder a eles indistintamente.
 - c) As respostas a) e b) son incorrectas.
- 77.- Sinala a forma de comunicación máis primaria:
- a) A verbal.
 - b) A corporal.
 - c) A escrita.

78.- Entre o segundo e o terceiro ano de vida, o/a neno/a...

- a) Pasa unha crise de oposición-rexeitamento.
- b) Está na idade de imitación e simulacro.
- c) Comeza a construír a súa identidade.

79.- Segundo a teoría de Piaget, as etapas de desenvolvemento infantil son as seguintes:

- a) Período das Reaccións Circulares, período Intuitivo e período Preoperatorio.
- b) Período Sensoriomotor, período das Operacións Concretas e período das Operacións Formais.
- c) Período Preoperatorio, período Sensoriomotor e período Intuitivo.

80.- Sinala a opción incorrecta. En relación ás técnicas e instrumentos empregados para a recollida e análise de datos:

- a) A observación directa e sistemática é tradicionalmente empregada nas aulas de Educación Infantil.
- b) A entrevista emprégase habitualmente nas aulas de Educación Infantil.
- c) Non existen técnicas nin instrumentos para a recollida e análise dos datos en Educación Infantil.

81.- Para Piaget, as tres funcións que cumpre o xogo simbólico son:

- a) A construción de significados, a adquisición de autonomía e o desenvolvemento da linguaxe.
- b) A construción de significados, a elaboración de vivencias e a interacción co mundo social.
- c) A superación do egocentrismo, a elaboración de actividades colectivas e a activación da zona de desenvolvemento próximo.

82.- A función simbólica dáse:

- a) Exclusivamente a través do xogo simbólico.
- b) Exclusivamente a través do xogo libre.
- c) A través do xogo simbólico, a linguaxe e o debuxo.

83.- Se pechamos a billa da auga mentres enxaboamos as mans, a que tema transversal facemos referencia?

- a) Educación moral e para a paz.
- b) Educación para igualdade de sexos.
- c) Educación ambiental.

84.- Sinala a opción incorrecta. Entre os criterios de selección e uso dos materiais audiovisuais e informáticos atópanse:

- a) Respetar as características psicoevolutivas dos/as nenos/as.
- b) Ter presente os principios metodolóxicos (aprendizaxe significativa, globalización, experimentación e actividade).
- c) Non orientar as familias nos usos dos mesmos.

- 85.- O desenvolvemento humano segue un mesmo ritmo para todos/as os/as nenos/as?
- a) Non. Inflúen factores sociais, afectivos, lingüísticos e cognitivos.
 - b) Non. Varía segundo a evolución motriz.
 - c) Si. É o mesmo para todos/as.
- 86.- A frase “os nenos (varóns) non choran”:
- a) É un mito.
 - b) É un estereotipo.
 - c) É unha crenza popular.
- 87.- As enquisas aos pais....
- a) Son pouco útiles ao comezo da escolarización.
 - b) Permiten unificar o tipo de información que se demanda das familias.
 - c) É pouco aconsellable combinar as enquisas con outros sistemas para obter unha visión máis completa dos/as nenos/as e da súa situación.
- 88.- A actividade denominada comunmente “carretilla” é apropiada para a estimulación motriz dos/as nenos/as:
- a) De tres a catro meses.
 - b) De cinco a oito meses.
 - c) De dez a quince meses.
- 89.- A finalidade da Educación para a Saúde é:
- a) Ter un control sobre os menús do comedor escolar.
 - b) Tomar conciencia da importancia dunha boa alimentación desde o ámbito familiar.
 - c) Desenvolver hábitos e costumes sans.
- 90.- Sinala a opción incorrecta:
- a) A organización dos espazos debe ser versátil para promover a creatividade dos/as neno/as.
 - b) Os espazos exteriores non deberán ser obxecto do mesmo coidado e planificación que os interiores, explorando as diversas posibilidades de aprendizaxe e interacción que ofertan.
 - c) A escola no seu conxunto debe coidar a súa estética, ser un entorno amable e agradable e que ofrezca seguridade ao/á neno/a.
- 91.- O decreto polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia é:
- a) O Decreto 330/2009, de 4 de xuño.
 - b) O Decreto 3/2006, de 3 de maio.
 - c) O Decreto 2/2006, de 4 de xuño.
- 92.- A partir dun conto pódese...
- a) escoitar e comentar.
 - b) ilustrar e dramatizar.
 - c) As respostas a) e b) son correctas.

- 93.- O traballo con materiais continuos leva o/a neno/a a lograr:
- a) A reversibilidade.
 - b) A conservación da cantidade.
 - c) A seriación.
- 94.- O currículo de Educación Infantil organízase ao redor das seguintes áreas:
- a) “Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal”, “Coñecemento da contorna e interacción con ela” e “Coñecemento do/da educador/a e interacción con el/ela”.
 - b) “Coñecemento da contorna e interacción con ela”, “Coñecemento do/a educador/a e interacción con el/ela” e “Linguaxes: comunicación e representación”.
 - c) “Linguaxes: comunicación e representación”, “Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal” e “Coñecemento da contorna e interacción con ela”.
- 95.- A intelixencia dun/dunha neno/a durante os dous primeiros anos...
- a) É fundamentalmente práctica, ligada ao sensorial e á acción motora.
 - b) É fundamentalmente de representacións mentais.
 - c) É a que Piaget denomina “intelixencia simbólica”.
- 96.- A expresión corporal na Escola Infantil:
- a) É un medio de observación, reflexión e creación artística.
 - b) Traballa técnicas corporais como a relaxación, a flexibilidade e a sensibilización.
 - c) As respostas a) e b) son correctas.
- 97.- Se lle explicamos aos/ás nenos/as a importancia de lavar as mans para evitar enfermidades, estamos traballando preferentemente:
- a) A educación ambiental.
 - b) A educación para a saúde.
 - c) As respostas a) e b) son correctas.
- 98.- Para favorecer a alimentación dos/as nenos/as nunha Escola Infantil, a actuación da persoa que educa consiste en:
- a) Deixar os/as nenos/as manipular os alimentos.
 - b) Facer partícipe o/a neno/a na escolla e elaboración.
 - c) As respostas a) e b) son correctas.
- 99.- Os procesos de socialización son fundamentalmente:
- a) Procesos mentais e sensoriais.
 - b) Procesos afectivos e creativos.
 - c) Procesos mentais, afectivos e condutuais.
- 100.- En canto ao desenvolvemento dos sentidos, o/a neno/a é capaz de...
- a) Seguir coa mirada o movemento da man ou o dun xoguete a partir do terceiro mes.
 - b) Oír perfectamente a partir do sexto mes.
 - c) Saborear o doce a partir do sexto mes.

- 101.- Os bonecos de tea, móbiles, caixas musicais son recursos máis axeitados para nenos/as...
- a) De 0 a 3 anos.
 - b) De 0 a 1 ano.
 - c) De 1 a 2 anos.
- 102.- A participación das familias no período de adaptación...
- a) Non se aconsella xa que o/a neno/a debe recoñecer a diferenza entre o contexto familiar e escolar.
 - b) É fundamental para favorecer o tránsito da contorna familiar ao escolar.
 - c) Aconséllase só nos casos de alumnado con Necesidades Educativas Específicas (NEE).
- 103.- Sinala a opción incorrecta:
- a) Para Montessori a persoa educadora non exerce como guía que potencia ou propoña desafíos, cambios e novidades.
 - b) Para Montessori os/as nenos/as teñen períodos sensibles nos que adquiren habilidades particulares.
 - c) Decroly defende o agrupamento do alumnado segundo o seu desenvolvemento mental.
- 104.- O/a neno/a cando debuxa a familia tende a representar a figura de apego máis grande que ao resto. Sinala cal é a explicación deste feito.
- a) Porque a estatura da figura de apego é máis grande que a súa.
 - b) Porque o/a neno/a ao debuxar non ten en conta as proporcións reais das cousas senón o valor que para el/ela teñen.
 - c) As respostas a) e b) son correctas.
- 105.- Un/unha educador/a en Educación Infantil debe...
- a) Empregar a lingua maioritaria na aula, aínda que esta non sexa a lingua por el ou ela empregada.
 - b) Acomodarse á lingua da familia.
 - c) Expresarse na lingua que el ou ela emprega.
- 106.- Os factores que interveñen no desenvolvemento psicomotor son:
- a) Mecanismos biolóxicos.
 - b) Mecanismos ambientais.
 - c) As respostas a) e b) son correctas.
- 107.- Os principais conflitos na etapa da Educación Infantil na vida en grupo son:
- a) A agresión aberta e encuberta.
 - b) O illamento e a inhibición.
 - c) As respostas a) e b) son correctas.
- 108.- Entre as etapas da evolución da expresión plástica atópanse:
- a) Diferentes tipos de borranchos.
 - b) Diferentes tipos de esquematismos.
 - c) As respostas a) e b) son correctas.

109.- Na Educación Infantil a avaliación será:

- a) Global e continua.
- b) Continua e formativa.
- c) Global, continua e formativa.

110.- O último nivel de concreción do currículo concrétese en:

- a) A programación de aula.
- b) A programación de ciclo.
- c) A programación de nivel.

111.- No “recuncho da tenda” as actividades de comprar e vender axudan ao desenvolvemento da linguaxe:

- a) Lóxico-matemática.
- b) Rítmico-musical.
- c) Xestual e corporal.

112.- No xogo simbólico...

- a) Canto máis estruturado sexa un xoguete máis posibilidades de xogo ofrecerá o/a neno/a.
- b) A actividade lúdica permite adaptar o/a neno/a á realidade e acomodala ás súas necesidades.
- c) Débenos preocupar que o/a neno/a xogue cunha persoa imaxinaria coa que estableza amizade.

113.- Son alteracións no desenvolvemento motor:

- a) O autismo e a parálise cerebral.
- b) A espiña bífida e a parálise cerebral.
- c) A espiña bífida e a hipoacusia.

114.- O apego é...

- a) O vínculo emocional que se establece exclusivamente coa nai ou figura materna.
- b) O vínculo emocional que se establece coas persoas que para o/a neno/a son importantes ou significativas.
- c) As respostas a) e b) son incorrectas.

115.- Sinala a opción incorrecta. O Proxecto Educativo de Centro (PEC) debe:

- a) Ser un instrumento que marque o carácter propio e a personalidade do centro tanto a nivel organizativo como de xestión, docente e pedagóxico.
- b) Atender a educación para a paz, sexual e ambiental e marcar as directrices que guíen o centro en relación con elas.
- c) Ignorar a atención para a paz, sexual e ambiental.

116.- Durante a etapa de Educación Infantil os/as nenos/as deben desenvolver as seguintes capacidades fundamentais:

- a) Capacidade de observar e manipular.
- b) Capacidade de experimentar e construír.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

- 117.- Unha actividade que desenvolve a lateralidade é xogar a...
- a) As agachadas.
 - b) Aparafusar e desaparafusar unha porca nun eixo.
 - c) Lembrar a letra dunha canción.
- 118.- As modalidades de atención á infancia en España son:
- a) Modalidades no ámbito formal e no ámbito non formal.
 - b) Escolas infantís, ludotecas, aulas hospitalarias, centros de acollida e centros de menores, entre outros.
 - c) As respostas a) e b) son correctas.
- 119.- Na organización do tempo, as rutinas...
- a) Axudan a estruturar e organizar o concepto de tempo.
 - b) Non inciden de xeito determinante na xornada escolar.
 - c) Non varían nos dous ciclos da etapa de Educación Infantil.
- 120.- Para Piaget, a acomodación...
- a) Consiste en modificar a nosa comprensión co fin de abranguer aspectos novidosos dun acontecemento externo.
 - b) É a acción do organismo sobre os obxectos que o rodean.
 - c) Non necesita recoñecer as propiedades da realidade.

Preguntas de reserva

- 121.- A educación para a saúde está incluída no currículo da Educación Infantil:
- a) Para evitar que os/as nenos/as enfermen.
 - b) Para educar desde e para a vida.
 - c) Para previr o absentismo escolar.
- 122.- En que período cognitivo, descrito por Piaget, empeza o/a neno/a distinguir un ritmo temporal dos acontecementos?
- a) Sensoriomotor.
 - b) Operacións concretas.
 - c) Operacións abstractas.
- 123.- En relación coas técnicas de avaliación, cal das seguintes opcións non é un instrumento propio da Educación Infantil?
- a) A observación sistemática do proceso de aprendizaxe.
 - b) Os controis.
 - c) A entrevista.
- 124.- Que autor non pertence á corrente das teorías condutistas ou mecanicistas?
- a) Pavlov.
 - b) Watson.
 - c) Freud.
- 125.- Cal é a modalidade de atención á infancia no ámbito formal?
- a) Ludoteca.
 - b) Centros de acollida.
 - c) Escolas Infantís.